

***La ampliación de la Unión Europea:
efectos sobre la economía española***

CARMELA MARTÍN / JOSÉ ANTONIO HERCE
SIMÓN SOSVILLA-RIVERO / FRANCISCO J. VELÁZQUEZ
Barcelona: La Caixa, Servicio de Estudios.
(Colección de Estudios Económicos, núm. 27). 2002
[160 páxinas]

Recibido: 26 de novembro de 2003

Aceptado: 9 de novembro de 2004

O traballo que estes autores presentaron a través do Servizo de Estudos da Caixa recolle de forma exhaustiva e polo miúdo os impactos que para España pode ter a próxima ampliación da Unión Europea cara aos PECO (Países da Europa Central Oriental e Bálticos), contribuíndo de xeito moi positivo a alimentar o debate sobre a ampliación que se fará efectiva o vindeiro mes de maio do 2004.

O libro divídese en oito capítulos. No primeiro, despois dunha breve introdución, preséntase un resumo coas principais conclusións do estudo. O balance global non é moi optimista, e non resulta favorable para a economía española practicamente en ningún dos aspectos analizados: perda de axudas dos Fondos Estruturais e de Cohesión; repercusións negativas do axuste comercial, cunha deterioración xeral das exportacións españolas; efectos negativos derivados dunha desviación importante dos fluxos de investimento cara aos PECO; e un impacto case desprezable dos fluxos migratorios

Os autores cuantifican que a produción do ano 2007 caerá un 2% por baixo do nivel que presentaría sen os efectos derivados da ampliación, e un 1% menor do que sería esta produción potencial a partir do ano 2013.

Moitas das hipóteses de traballo son excesivamente deterministas, tal e como se sinala, o cal non é óbice para que a análise poida empregarse como guía de actuación sobre aqueles aspectos que poidan ser corrixidos, de xeito que se poidan reverter algúns dos resultados que se prevén.

O segundo capítulo describe como se foron desenvolvendo as negociacións cos candidatos, como foi a evolución económica destes durante o proceso de transición e transformación, cal é a situación actual na que se atopan, e finaliza cunha breve síntese sobre cales son os riscos e oportunidades que presenta esta ampliación.

O capítulo terceiro analiza de forma detallada os efectos da ampliación sobre os Fondos Estruturais e de Cohesión, sendo os resultados xerais esperados os que se mencionaron previamente. Aínda que debemos tomar en consideración que existen aínda demasiados elementos que están a ser discutidos para poder elaborar unha cuantificación exacta destes, si parece claro que a ampliación afectará de maneira

negativa ao volume dos fondos que se viñan percibindo, como non podía ser doutro xeito, dada a situación dos países que agora se incorporan.

O cuarto capítulo trata os efectos da ampliación sobre o comercio do noso país. Os vaticinios non son nada favorables tampouco neste caso, como se deriva tanto do estudo da evolución do comercio de España e da Unión Europea cos PECO, como da análise das vantaxes que presenta España fronte aos novos membros.

As repercusións da ampliación a través do investimento estranxeiro directo preséntase no quinto capítulo. Malia que non se pode efectuar unha diagnose precisa acerca de en que medida as IED que recibe España poidan desviarse cara aos futuros socios, a evidencia dispoñible indica que a posibilidade de que ese desprazamento se produza é elevada, sobre todo se non se poñen en marcha as medidas precisas para tentar mellorar as vantaxes de localización que ofrece a economía española.

No sexto capítulo trátanse os efectos da ampliación sobre os fluxos migratorios, sinalando de xeito especial que estes serán case insignificantes para o noso país, e que, para aqueles máis preocupados como Alemaña ou Austria, as últimas estimacións son menos alarmistas ca as iniciais.

No capítulo sétimo cuantifícase o impacto macroeconómico da ampliación sobre a economía española a través da medición dos distintos efectos producidos sobre o comercio, o mercado único, os movementos dos factores productivos ou os Fondos Estruturais e de Cohesión.

Como conclusión, o capítulo oitavo tenta elaborar unha serie de recomendacións sobre como se poden limitar os riscos que se perciben coa próxima ampliación, ao tempo que se fan efectivas as oportunidades que se presentan con esta.

A. DAVID CARBALLAS REBOREDO

Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela